



## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DO SOLO, SUBSOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA**

### **FUNDAMENTO E NATUREZA**

#### **Artigo 1º**

Ao amparo do previsto nos artigos 57 e 20.3.e, 20.3k. e 24.1 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, de conformidade co que dispoñen os artigos 15 a 19 deste texto legal, este Concello establece a taxa por aproveitamentos especiais a favor de empresas explotadoras de abastecementos que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade da veciñanza que se rexerá por esta ordenanza fiscal.

### **FEITO IMPOÑIBLE**

#### **Artigo 2º**

Constitúe o feito imponible da taxa o uso e a utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de abastecemento que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou unha parte importante da veciñanza.

### **SUXEITOS PASIVOS**

#### **Artigo 3º**

1.- Son suxeitos pasivos as empresas explotadoras dos servizos de abastecemento de auga, de abastecemento de gas, electricidade, teléfono e outros análogos, como tamén as empresas que exploten a rede de comunicación interna mediante sistemas de fibra óptica, televisión por cable ou calquera outra técnica, independentemente do seu carácter público ou privado.

Para estes efectos, incluíranse entre as empresas explotadoras de devanditos servizos as empresas distribuidoras e comercializadoras destes.

Non se incluírán neste réxime especial de cuantificación da taxa os servizos de telefonía móbil.

Este tributo aplicarase ás empresas a que se refire o parágrafo c) do artigo 24 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das cales se efectúan os abastecementos coma se, non sendo titulares das devanditas redes, o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión a estas.

2.- Os suxeitos pasivos que residan no estranxeiro durante máis de seis meses de cada ano natural, estarán obrigados a designar un representante así como un domicilio no territorio español, para os efectos das súas relacións coa Facenda Pública, de conformidade co disposto no artigo 47 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.



## **RESPONSABLES**

### **Artigo 4º**

1.- Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades enumeradas no artigo 42 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2.- A responsabilidade esixirase, en calquera caso, nos termos e de acordo co procedemento previsto na mencionada Lei xeral tributaria.

3.- Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparelada a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pagamento da taxa a que houberse lugar, estará obrigado ao reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ao depósito previo do seu importe. Se os danos fosen irreparables, a entidade será indemnizada en cantidade igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe do deterioro dos danados. As entidades locais non poderán condonar total nin parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire este apartado.

## **BENEFICIOS FISCAIS**

### **Artigo 5º**

1.- As cotas desta taxa que correspondan pagar a Telefónica Española, S.A. considéranse englobadas na compensación en metálico de periodicidade anual a que se refire o apartado 1 do artigo 4 da Lei 15/1987, do 30 de xullo, de tributación da Compañía Telefónica Nacional de España, segundo a redacción establecida pola disposición adicional oitava da Lei 39/1988, do 28 de decembro, que o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, declara vixente na súa disposición derogatoria única apartado 1 a ).

## **COTA TRIBUTARIA**

### **Artigo 6º**

1.- A contía da taxa é, en calquera caso e sen excepción, o 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no termo municipal as empresas explotadoras sinaladas no artigo 3 desta ordenanza.

2.- Para os efectos do apartado anterior, entenderanse por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, sexan obtidos por esta como contraprestación aos ingresos obtidos no período mencionado polos servizos prestados en cada termo municipal aos usuarios, incluíndo os procedentes de aluguer, posta en funcionamento, conservación, modificación, conexión, desconexión e substitución dos contadores, equipos ou instalacións propiedade das empresas ou dos usuarios utilizados na prestación dos servizos citados e, en xeral, todos aqueles ingresos apropiados da facturación realizada polos servizos resultantes da actividade propia das empresas abastecedoras.

3.- Non se incluírán entre os ingresos brutos, para estes efectos, os impostos indirectos que graven os servizos prestados nin as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros



que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se aplique este réxime especial de cuantificación da taxa. Así mesmo, non se incluírán entre os ingresos brutos procedentes da facturación as cantidades percibidas por aqueles servizos de fornezo que vaian ser utilizados naquelas instalacións que se atopen inscritas na sección 1ª ou 2ª do Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica do Ministerio de Economía, como materia prima necesaria para a xeración de enerxía susceptible de tributación por este réxime especial.

4.- As empresas que empreguen redes alleas para efectuar os abastecementos deducirán dos seus ingresos brutos de facturación as cantidades satisfeitas a outras empresas en concepto de acceso ou interconexión ás súas redes. As empresas titulares de tales redes deberán computar as cantidades percibidas por tal concepto entre os seus ingresos brutos de facturación.

5.- O importe derivado da aplicación deste réxime especial non poderá serlle repercutido aos usuarios dos servizos de abastecemento a que se refire o parágrafo c) do artigo 24 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

6.- As taxas reguladas nesta ordenanza son compatibles con outras taxas que poidan establecerse pola prestación de servizos ou pola realización de actividades de competencia local, das que as empresas deban ser suxeitos pasivos conforme ao establecido no artigo 23.1.b) do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, quedando excluída, polo pagamento desta taxa, a exacción doutras taxas derivadas da utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo as vías públicas municipais.

7.- Non teñen a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación os conceptos seguintes:

- a) As subvencións de explotación ou de capital, tanto públicas como privadas, que as empresas poden recibir.
- b) As cantidades que poden recibir por doazón, herdanza ou outro título lucrativo.
- c) As indemnizacións esixidas por danos e prexuízos, salvo que sexan compensación ou contraprestación por cantidades non cobradas que se deba incluír nos ingresos brutos definidos no apartado anterior.
- d) Os produtos financeiros, como xuros, dividendos e calquera outro de natureza análoga.
- e) Os traballos realizados pola empresa con vista ao inmovilizado.
- f) As cantidades procedentes de alleamento de bens e dereitos que formen parte do seu patrimonio.
- g) Outros ingresos procedentes de conceptos diferentes dos previstos no apartado 1 deste artigo.

8.- Os ingresos a que se refire o apartado 1 deste artigo pódense minorar exclusivamente polas partidas correspondentes a importes facturados indebidamente por erro



e que sexan obxecto de anulación ou rectificación.  
Non son deducibles os saldos de dubidoso cobro, nin os errados.

## **ACREDITACIÓN**

### **Artigo 7º**

1.- A taxa acreditarase cando se inicie a utilización privativa ou aproveitamento especial, momento que, para estes efectos, se entende que coincide co de concesión da licenza, se esta fose solicitada.

2.- Sen prexuízo do previsto no punto anterior, será preciso depositar o importe da taxa cando se presente a solicitude de autorización para gozar do aproveitamento especial.

3.- Cando se produciu o uso privativo ou aproveitamento especial sen solicitar licenza, a acreditación da taxa ten lugar no momento do inicio deste aproveitamento.

## **PERÍODO IMPOSITIVO**

### **Artigo 8º**

1.- Cando a utilización privativa ou aproveitamento especial deba durar menos dun ano, o período impositivo coincidirá con aquel determinado na licenza municipal.

2.- Cando a duración temporal da utilización privativa ou aproveitamento especial se estenda a varios exercicios, a acreditación da taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, excepto nos supostos de inicio ou cesamento na utilización privativa ou aproveitamento especial.

3.- Cando non se autorice o aproveitamento especial solicitado ou por causas non imputables ao suxeito pasivo, non se puidera levar a cabo, procederá a devolución da taxa satisfeita.

## **RÉXIME DE DECLARACIÓN E INGRESO**

### **Artigo 9**

1.- A taxa esixirase en réxime de autoliquidación.

2.- Cando se presenta a solicitude de autorización para a utilización privativa ou aproveitamento especial presentarse debidamente cumprimentado o impreso de autoliquidación da taxa. Alternativamente, poden presentarse no Servizo Municipal competente os elementos da declaración co obxecto de que o funcionario municipal competente preste a asistencia necesaria para determinar a débeda.

3.- Expediráselle unha obriga de pagamento ao interesado, co obxecto de que poida satisfacer a cota naquel momento, ou no prazo de dez días, nos lugares de pagamento indicados na propia obriga de pagamento.



4.- Cando se trata da taxa acreditada por aproveitamentos especiais que se alongan a varios exercicios, as compañías abastecedoras deberán presentarlle ao Concello antes do 30 de abril de cada ano a declaración correspondente ao importe dos ingresos brutos facturados do exercicio inmediatamente anterior, para os efectos de que o Concello poida emitir as liquidacións a que se refiren os apartados seguintes.

5.- O Concello emitirá a liquidación provisional aplicando o 1,5 por cento sobre o importe dos ingresos brutos declarados como facturación realizada dentro do termo municipal o ano anterior.

6.- A liquidación a que se refire o apartado anterior deberá ser ingresada ata o día 20 do mes posterior se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1e 15 do mes. Se a notificación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, o pagamento deberá efectuarse ata o día cinco do segundo mes posterior.

7.- A liquidación definitiva débese ingresar no primeiro trimestre seguinte ao ano ao que se refire. O importe determínase mediante a aplicación da porcentaxe expresada no artigo 3.1. desta ordenanza á contía total dos ingresos brutos procedentes da facturación obtidos por cada empresa durante o ano citado, e debe ingresarse a diferenza entre aquel importe e os seus pagamentos a conta efectuados anteriormente. No suposto de que haxa un saldo negativo, o exceso satisfeito ao Concello débese compensar no primeiro pagamento a conta ou nos sucesivos.

## **FACULTADES DE INSPECCIÓN**

### **Artigo 10º**

A comprobación e a inspección de todos aqueles elementos que regula esta ordenanza, para cuantificar a taxa e facer o pagamento, corresponde aos servizos de inspección propios deste Concello.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP, e aplicarase a partir do 1 de xaneiro de 2005, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

San Cibrao das Viñas, 18 de outubro de 2004

A ALCALDESA;